

Lugo, a 18 de Maio de 2011 *O ALCALDE.PD.O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE.-Fdo.- José Rábade Arias*

Expediente	Matrícula	Nif/Cif	Nome	Municipio	Data/hora	Art/Lei	puntos	Importe
2010/012387	7255DLS	33349112D	CUPEIRO LOPEZ MARCOS	LUGO	29/12/10/23:23	50/CIR	0	100
2010/011269	8932DXC	X 8674918P	DIDIER RUAUD BERNARD	COLUNGA	24/07/10/14:08	146/CIR	4	200
2010/010068	6927FRL	A 28659423	NORTHGATE ESPAÑA RENTING FLEXIBLE SA	MADRID	24/11/10/20:15	91/CIR	0	200
2010/011723	0407GRJ	33316623L	REY OLIVEIRA M ESTHER	LUGO	18/09/10/08:30	50/CIR	0	100
2010/012221	0189CDZ	X 7058983F	SEPULVEDA ROMERO ROGER	LUGO	15/12/10/11:40	50/CIR	0	100

R.2612

Anuncio

Por Decreto nº 375/2011 do día 18 de maio, da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego, aprobáronse as bases técnicas e administrativas que rexerán o procedemento de licitación para a AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE RESTAURANTES E POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDAS NO “ARDE LUCUS 2011” .

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** O obxecto do presente contrato é o outorgamento de autorizacións para a instalación de restaurantes e postos de elaboración de comidas na festa do Arde Lucus 2011.

b) **Duración da ocupación:** As paradas poderán iniciar a montaxe o día 16 de xuño e comezar a actividade o día 17 ó mediodía, manteranse en funcionamento ata o día 19 de xuño pola noite, cando procederán á desmontaxe.

3.- Procedemento:

b) **Procedemento:** aberto

4.- Tipo de licitación

a) **Taxas e canon a satisfacer ó Concello :**

Os titulares das autorizacións estarán obrigados a satisfacer, por unha banda, unha taxa por aproveitamento da vía pública, e por outra, un canon como contraprestación ó beneficio obtido. Os prezos de saída do canon son os seguintes:

RESTAURANTES:

Parcela 1 (segundo plano da Pr. da Soidade): 1.064,88€

Parcela 2 (segundo plano da Pr. da Soidade): 1.064,88€

Parcela 3 (segundo plano da Pr. da Soidade): 2.227,20€

Parcela 4 (segundo plano da Pr Anxo Fernández Gómez): 2.366,40€

Parcela 5 (segundo plano da Pr Anxo Fernández Gómez): 2.366,40€

POSTOS DE ELABORACIÓN DE COMIDAS:

Parcela 1A (segundo plano da Pr. da Soidade): 246,50€

Parcela 2A (segundo plano da Pr. da Soidade): 147,90€

Parcela 3A (segundo plano da Pr. da Soidade): 147,90€

Parcela 4A (segundo plano da Pr. da Soidade): 197,20€

Parcela 5A (segundo plano da Pr. da Soidade): 197,20€

Parcela 6A (segundo plano da Pr. da Soidade): 295,80€

5.- Garantía:

a) **Provisional:** Non se esixe.

b) **Definitiva:** Os adxudicatarios deberán constituír unha garantía por o 10 % do prezo de saída da parcela adxudicada.

6. Obtención de documentación e información.

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-43, 29-71-45, 29-71-44, 29-73-01

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servicios: perfil do contratante/outros)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases técnicas e administrativas.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** 10 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula cuarta das bases técnicas e administrativas.

c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª Planta

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** Ó segundo día hábil posterior ó remate do prazo de presentación de ofertas.

10.- Outras informacións: As que se recollen nas bases técnicas e administrativas.

Lugo, 18 de maio de 2011.O ALCALDE,. P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007)
Asdo.: Sonia Méndez García

R.2632

MEIRA

Anuncio

Notificación colectiva das liquidacións das Taxas por Vados e entrada por beirarrúas, exercicio 2011.

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 12 de maio de 2011 acordou a aprobación do Padrón de Vados e entrada por beirarrúas do exercicio 2011 que estará exposto nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 15:00 horas, durante un prazo de 20 días, contados a partir do día seguinte o da súa publicación no B.O.P. de Lugo, aos efectos de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobado se transcrito o devandito prazo non se formulara reclamación contra o mesmo.

Asemade acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

PRAZO DE INGRESO EN PERIODO VOLUNTARIO: ATA O DÍA 30 DE XULLO DE 2011.

Transcrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, iniciárase o período de constrinximento, cos recargos e xuros que establece a lexislación tributaria aplicable.

Meira, 13 de maio de 2011.O alcalde.-Antonio de Dios Alvarez